



Estelva Borrós

AIRIÑOS DE FENE CUMPRE 20 ANOS

REPORTAXE

AIRIÑOS DE FENE VINTE ANOS AO SERVIZO DA MÚSICA TRADICIONAL

Hai espalladas pola comarca enteira dúcias de bandas de gaitas que levan anos e anos loitando polo mantemento e preservación dun dos símbolos máis galegos que existen: a gaita. Unha delas –non é a máis antiga, nin moito menos– é Airiños de Fene, que o vindeiro sábado, día 29, cumprirá vinte anos de vida. E farao por todo o alto e cunha serie de actos que farán da Praza do Concello de orixe o epicentro dunha das agrupacións de música tradicional máis senlleiras de cantas existen

H

ai xa dúas décadas que bota a andar a Banda de Gaitas Tradicional "Airíños de Fene" e, para celebralo, a súa directiva actual ten programado unha serie de actos no marco dun –quizais o maior– dos seus máis importantes sinais de identidade, a Xuntanza de Gaiteiros que este ano terá lugar o vindeiro sábado, 29 de setembro, na praza do Concello.

Hoxendía, á vista está, a gaita é un instrumento que goza de certo prestixio no eido da música, xa sexa tradicional ou moderna. Desde hai pouco máis dunha década, a aparición na primeira liña da escena musical non só galega senón incluso estatal e mesmo internacional, evidenciaba que a prototípica imaxe de "obsolescencia" que espertaba un instrumento como ese non era tan clara como en décadas pasadas, nas que, por outra banda, nunca se abandonou a súa aprendizaxe. No caso de Airiños de Fene, a súa formación débese a Ramiro Couce, que hai máis de vinte anos viña maquinando na forma de crear unha "grande Banda de Gaitas de Ferrolterra", explica o presidente da entidade, Vicente García. "Non embargante –continúa–, e como esta idea inicial non se chegou a consolidar, centrouse todo o traballo en "xuntar-agrupar" no mesmo grupo a tódolos mozos e mozas que estaban aprendendo a tocar a gaita nas Escolas Municipais do Concello de Fene".

O crecemento da banda foi, lembra García, un proceso lento e paralelo ao dos seus membros, boa parte deles moi cativos aínda. "Así, pouco a pouco, pasouse de ser un pequeno grupo a formar unha banda de gaitas ben coñecida no noso país. Desde hai trece anos, Airiños de Fene, baixo a dirección de Miguel Doval, está a

aprender e espallar o mellor do noso folclore, usando sempre e exclusivamente instrumentos tradicionais". Aínda así, a actividade e a oferta da agrupación non se cingue unicamente a ese instrumento, senón que na actualidade funcionan un grupo de baile, cantareiros e cantadeiras que dirixe a profesora Chus Niebla.

DÚAS ETAPAS MOI MARCADAS

A historia de Airiños de Fene pódese dividir en dúas grandes etapas: a que comprende desde a súa fundación ata 1995 e a que vai desde esa data ata os nosos días. Na primeira delas, lembran o presidente e mais o secretario actual, Luis Ángel Maceiras, a banda adicase ao labor, escuro e ingrato, de recompilación de material. "Centrámonos en recuperar, aprender e ensaiar distintas pezas da nosa música, así como actuar por diversos lugares, case todos na provincia da Coruña". Será a mediados dos 90 cando a actividade e o prestixio da banda experimenten un salto cualitativo. "Nesta etapa –din os directivos– Airiños de Fene convértese nunha das mellores bandas de gaitas tradicionais de Galicia, actuando en distintos lugares do Estado, Portugal e Francia. A chegada do que aínda hoxe é o profesor de gaita, Miguel Doval, contribuíu tamén a un despegue no que tivo que ver o proceso natural de maduración dos componentes e a rodaxe propia do grupo. "O nivel –explica Doval– era entón limitado porque a banda acababa de formarse. Cando a collín comezamos a darlle outro enfoque ás clases e non hai que esquecer que o progreso da banda foi paralelo ao crecemento e madurez dos propios rapaces: a medida que eles avanzaban en idade, avan-



Texto José M. Gómez
Fotos Arquivo de
Airíños e Daniel
Alexandre

zaba tamén a aprendizaxe do instrumento, o coñecemento da gaita”.

Desa época de madurez e ascenso datan fitos como o da gravación en 1996 dun CD promovido polo Concello de Fene co nome de “Vira-lo vento”, entre outros. “Neste mesmo ano –engade o presidente– conseguimos clasificarnos para a final do II Certame de Bandas de Música, Corais e Gaitas organizado pola Xunta de Galicia e a Compañía de Radio e Televisión de Galicia, programa coñecido polo nome de “Con música propia”. Ao final deste certame celebrouse un programa en directo da TVG dende Ourense coa participación das me-

vez quedando clasificados en primeiro lugar no “Certame de Bandas de Gaitas Tradicionais” celebrado en Betanzos”.

No 98 Airiños de Fene, participa nos actos de inauguración da Expo-98 de Lisboa, actuando diante de personalidades e xefes de Estado de todo o mundo e recibindo críticas moi favorables. É un ano máis tarde cando o esforzo de Airiños acadou o recoñecemento, pois, lembran os directivos, “fomos a única banda convidada tanto ao acto de clausura da XXXVII Feira Internacional de Mostras do Noroeste, como ao acto de recepción aos participantes na Regata Internacional de Veleiros Xacobeo 99. Neste mesmo ano somos seleccionados pola Asociación Galicia-Bretaña para representar o noso país no “Festival Intercéltico de Lorient” na Bretaña francesa, onde, xunto a grupos de Escocia, Irlanda, Asturias, País de Gales, Cornualles, Illa de Man, Bretaña e Australia, a nosa banda conseguiu un notable éxito tanto de público (nalgunha actuación diante de 10.000 persoas), como de crítica, sendo considerada como unha das mellores do Festival”.

Aínda que o ano 2000 non foi tan intenso como o anterior, Airiños de Fene continuou co labor de recuperar e promover o folclore galego. Neste ano poderíamos destacar a primeira xira de Airiños de Fene fóra de Galicia. Esta xira realizouse polo País Vasco, con actuacións en Bermeo, Gernika, Sestao e dúas actuacións durante a Semana Grande das festas de Bilbao. O ano seguinte volveu ser un ano moi importante na historia da banda fenesa, xa que, a parte dun número importante de actuacións en Galicia, foi convidada a participar no Festival “Folk Segovia”, no “VIII Festival de Bandas de Gaitas Encina 2001” (Ponferrada) e sendo seleccionados, por segunda vez nos últimos tres anos, para representar a Galicia no “XXXI Festival Intercéltico de Lorient”, na Bretaña francesa. A participación neste festival é, quizais, un dos motivos de orgullo máis grandes dos directivos de Airiños: “Esta nova selección e participación no Festival de Lorient é un recoñecemento, non só ao noso traballo ao longo destes anos, senón que tamén á nosa firme aposta na defensa da música tradicional galega”, din os representantes da entidade.

No 2002 déronse dous feitos moi importantes para a banda fenesa. Por un lado, a conmemoración do XV aniversario como banda de gaitas e, por outro, a edición e saída ó mercado do primeiro CD, “Identidade”, gravado nos estudos “Cormorán” co apoio e colaboración do grupo folk “Milladoiro”. Un ano despois, Airiños estreou o seu espectáculo “Identidade”, o cal, como o seu nome indica, tenta mostrar a nosa identidade cultural. “Identidade” é unha visión de distintos estilos e tipos de bailes, cantos e música tradicional galega nunha posta en escena de hora e media de duración. A súa dirección e organización recaeu no profesor de gaita, Miguel Doval. Nestes momentos, adianta, están perparado o seguinte, no que “imos recoller todas as ramas en que traballou a música tradicional e, sobre todo, a gaita, desde un cuarteto a unha murga e outras formacións de

As actuacións noutros puntos de España continuaron duranet 1997 e, nesa liña, “volvimos repetir –comenta Valentín García– o éxito conseguido o ano anterior, esta

Daniel Bellón: “A banda é unha das mellores que existen en Galicia”



As imaxes mostran a membros da banda en diferentes eventos desde o 92 ata a actualidade



llores agrupacións de Galicia, sendo “Airiños de Fene” a gañadora no apartado de Bandas Tradicionais. E tamén ese ano participamos no programa de TVE internacional “Desde Galicia para ó Mundo” como recoñecemento ó noso bo facer dentro do eido da música tradicional galega”.

A medida que pasaban os meses e se sucedían as actuacións, o prestixio da banda aumentaba. Nesa época estaba xa integrado en Airiños Daniel Bellón, o xove gaiteiro fenes que ten colleitado numerosos premios pola súa habelencia coa gaita. Na actualidade, Bellón dá clases deste instrumento en Madrid. “Eu cheguei no ano 94-95 e alí estiven ata finais de 2001. Para min, Airiños foi a miña iniciación e a miña aprendizaxe neste mundo e, coma min, a de moitos outros que nos beneficiamos mutuamente da competitividade e esixencias que existían dentro da banda”. Bellón, hoxe un dos gaiteiros máis importantes de Galicia malia a súa xuventude, asegura que Airiños de Fene “é en primeiro lugar unha supervivente e máximo expoñente da música tradicional galega na que destaca, por riba de todo, o grupo, o colectivo. A banda de Fene á, ademais, das mellores de Galicia”.



(Pasa á páxina 4)

tradicional que lograron chegar ata os nosos días”.

Despois de continuar coas actuacións en diferentes lugares da península, desde o “Festival Celta L’ainsa 2003” en Ainsa (Huesca) ata o “VII Festival Intercelticu de Avilés”, en 2004 dedicáronse a levar o espectáculo “Identidade” por moitos concellos tanto de Galicia como de Portugal: O Grove, Vilagarcía de Arousa, Viana do Bolo, Melgaço, Cedeira, Miño, Gerés, etc, representación que continuou o ano seguinte compatibilizando coa súa presenza no “V Festival de Gaitas de Toral de los Vados” (León) e na “I Feira da Artesanía” (Maia - Portugal).

Chega así Airiños ao 2006, un ano que os directivos definen como de “transición motivada polos cambios nos compoñentes, con altas e baixas. Este ano dedicámoslo a formar a novos compoñentes sen por lo deixar de actuar”, engaden.

XUNTANZA DE GAITEIROS

Dende a súa fundación, Airiños de Fene, organiza todos os anos a “Xuntanza de Gaiteiros”, un encontro onde os distintos grupos ou bandas dan a coñecer o mellor dos seus repertorios, así como o intercambio de proxectos e ideas para potenciar as tradicións autóctonas e darlle pulo ao uso dos instrumentos tradicionais galegos. Airiños aproveita a celebración da Xuntanza de Gaiteiros para realizar unha homenaxe a algunha persoa, grupo ou entidade que se caracterizara por gardar, recoller, recuperar e dar a coñecer a nosa tradición. Co paso dos anos, esta actividade foi variando a súa idea orixinal no tocante aos participantes, “dando cabida —explican Vicente García e Luis Ángel Maceiras—, a todo tipo de intérpretes dentro do panorama da nosa música tradicional, xa que o obxectivo básico da nosa xuntanza é a defensa non só da nosa música tradicional, senón tamén do uso dos instrumentos e traxes tradicionais”.

Nesé sentido, a banda aproveita a celebración destas xuntanzas para homenaxear a grupos ou persoas que se teñen destacado ao longo dos anos pola defensa e recuperación dos costumes galegos. O longo destes anos foron homenaxeados, enumeran os directivos, “entre outros, artesáns como Emilio Bolaño e Antonio Regueiro (veciños de Fene) e a familia Seivane; grupos como Milladoiro e Saraibas; cuartetos como Os Veigas, Os Perelas, Os Nenos do Eume, que levaban a nosa música polas festas e romarías alá polos anos 60 e 70; Manuel Cociña (acordeonista e veciño de Fene); Antón Corral, Geranio Torreiro, Emilio Españañero (Lumen na Palleira), Xosé Luis Rivas Cruz (Mini), Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)... Tamén foron moitos os músicos, grupos ou bandas que actuaron nas nosas Xuntanzas tales como: Pepe Ferreirós, Nando Casal, Noitarega, Susana Seivane, Brais Maceiras, Saraibas, Quico Comesaña, Anxo Pintos, Xacarandaina, Grupo de Música Tradicional do IGAEM, Xabier Díaz, Guadi Galego, Guillermo Fernández, Iván Area, Xosé Lois Romero...; Bandas de gaitas: Manxadoiro, Abertal, Xarabal, Padroado de Cultura do Concello de Narón...”.

VINTE PRIMAVERAS MÁIS

O vindeiro venres Airiños de Fene pecha unha etapa, a do vixésimo aniversario, e abre outra, a dos outros



vingte que ten, como mínimo, por diante. As expectativas, hoxe, son extraordinarias, pois, comenta o profesor Miguel Doval, “a gaita goza na actualidade de moito prestixio, cando hai anos ninguén podía imaxinar que un gaiteiro chegase aos escenarios que chega hoxe, aos grandes escenarios, mesmo de espectáculos selectos ou de elite. Pero non hai que esquecer que no mundo da música tamén hai modas e rexistro moitas fluctuacións e altibaixos; por exemplo, agora soemos actuar entre 12 e 15 gaitas, pero houbo épocas con moitas máis. Isto tamén vai por ciclos”. O gaiteiro Daniel Bellón, pola súa banda, incide no aspecto xeracional e asegura que, cando se fundou a banda, había no lugar onde eu nacín vinte casas; nelas había 13 gaiteiros. Hai un século, o gaiteiro era unha figura case que imprescindible. Hoxe non sucede iso, pero hai que recoñecer que a gaita está nun momento envexable no que só desentona o trato que se lle dá nos organismos oficiais; fóra deles, a gaita está no nivel e á altura de calquera outro instrumento”.

Dunha ou outra maneira, Airiños de Fene, e así o atestiguan quen leva décadas metido neste mundo, ten contribuído, na medida das súas posibilidades, á consolidación e asentamento da memoria musical galega. Como di Miguel Doval, “creo que soubemos manter a esencia coa música e os instrumentos de sempre cun sonido distinto e innovador, sen perder nunca de vista a esencia da música coa que traballamos. Por iso Airiños aportou frescura ao mundo da gaita, pois non é só unha banda de gaitas como a coñecemos, senón unha escola onde os cativos aprenden e ven as saídas que poden ter, tocar con outra xente, facer un grupo. Airiños deulle ao folklore novidade e colorido e, en segundo termo e moi importante, gaiteiros”.

Abaixo, Miguel Doval, profesor de gaita de Airiños de Fene

